



NOTA INFORMATIVA

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA II

A Orde ECD/42/2018, de 25 de xaneiro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade, as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas, para o curso 2017/2018 (BOE nº 23 de 26 de xaneiro) establece que os estudantes que queiran mellorar a súa nota de admisión poderán examinarse de un máximo de catro materias na **Parte Voluntaria** da ABAU, a escoller polo alumnado entre as **materias de opción** do bloque de materias troncais, as **materias troncais de modalidade** (agás a cursada na súa modalidade de bacharelato) e **unha Segunda Lingua Estranxeira II (Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués) distinta da** que cursasen na **Primeira Lingua Estranxeira II** do bloque de materias troncais, e que é obxecto de exame na Parte Obrigatoria da ABAU.

Santiago de Compostela, a 12 de febreiro de 2018.

Asdo.: Antón Fernández Álvarez
Presidente da CiUG